

Descrición

O programa nace da necesidade de mellora no proceso de integración sociolaboral de persoas excarceradas ou en proceso de excarceración en Carballo e o seu entorno para o que se propón o deseño de *itinerarios personalizados de inserción*, onde, partindo da realidade do seu contexto e da maneira máis individualizada posible desenvolvan as competencias persoais, profesionais e dixitais para favorecer a súa volta a vida en liberdade.

O *servizo de orientación laboral* busca mellorar a empregabilidade das persoas penadas e para iso é fundamental axudarlles a identificar as súas competencias para o emprego, e adestralas en caso necesario. O fin é que todas as persoas participantes coñezan as competencias máis necesarias para o emprego, e poidan desenvolvelas e manifestalas adecuadamente como primeiro paso para a súa inclusión na sociedade e no mercado laboral.

Datas de realización da actividade

Do 05/04/2019 ata 29/11/2019

Obxectivo

Favorecer a formación integral das persoas recentemente excarceradas ou en proceso de excarceración conxuntamente coas súas familias, tratando de mellorar a súa cualificación profesional, competencias profesionais e persoais, cara a súa inserción social e laboral facilitando a súa integración na comunidade

Número de participantes previsto

15 – 20

Actividades:

a) Servizo de Orientación Laboral

b) Formación

- Alfabetización dixital
- Educación financeira
- Sensibilización viaria
- Preparación vida en liberdade

Lugar de celebración

Pazo da cultura - Aula Cemit